

ANTEPROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE APROBA O ESTATUTO DA AXENCIA  
GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA (AGACAL)

*Santiago de Compostela, 14 de XULLO de 2015*

Decreto ..../2016, do de , polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

O Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal), creouse polo artigo 31º da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, como un ente de dereito público dos previstos no artigo 12.1 b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

A lei citada crea o Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal), coa intención de que sexa o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade.

Así mesmo, co ánimo de potenciar a calidade da produción alimentaria galega, o Ingacal nace coa vocación de ser un instrumento para a catalización da actividade de investigación e desenvolvemento tecnolóxico no eido alimentario, que supla os déficits que nesta materia se producen na nosa Comunidade Autónoma.

En desenvolvemento da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, publicouse o Decreto 259/2006, do 28 de decembro, polo que se aproba o regulamento do Instituto Galego da Calidade Alimentaria, que regula as dúas liñas fundamentais de actuación deste instituto, unha no devandito ámbito da calidade alimentaria e outra no desenvolvemento de actividades de investigación e promoción da innovación tecnolóxica no sector agrario.

O Instituto Galego da Calidade Alimentaria está adscrito á Consellería do Medio Rural , en virtude do Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura

orgánica da Consellería do Medio Rural, en cumprimento co establecido no artigo 31.2 da referida Lei 2/2005.

Pola súa banda, a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma (LOFAXGA) regula por primeira vez, de un modo conxunto, estruturado e ordenado, a organización e réxime xurídico da Administración autonómica e das entidades que van a integrar o sector público autonómico.

A LOFAXGA regula, xunto á Administración xeral da Comunidade Autónoma, dous categorías de entidades instrumentais: as entidades públicas instrumentais (organismos autónomos, axencias públicas autonómicas, entidades públicas empresariais e consorcios) e outras entidades instrumentais integrantes do sector público (sociedades mercantís públicas e fundacións do sector público). A lei regula as características esenciais de cada tipo de entidade, así como as peculiaridades do seu réxime e dota á Comunidade Autónoma dun marco normativo completo.

Neste marco normativo a LOFAXGA establece a necesidade de que se adapten aos novos tipos de entidades instrumentais todas aquelas entidades instrumentais con personalidade xurídica propia creadas por lei antes da súa entrada en vigor, e que contaban con distintos réximes de organización e funcionamento. En concreto, e respecto do ~~Ingacal, NGACAL~~ a súa disposición transitoria terceira establece que as normas de organización e funcionamento do Instituto Galego da Calidade Alimentaria deberán adecuarse ao disposto nesa lei para as axencias públicas autonómicas. Adecuación que se acomete mediante o presente decreto da Xunta de Galicia .

Debe sinalarse que tamén a propia LOFAXGA prevé no seu artigo 47.3 que a creación de novas entidades instrumentais non pode supor, en ningún caso, unha duplicación

dos servizos públicos que xa sexan prestados pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que a creación ~~ou~~ adaptación debe ir acompañada das previsións necesarias para proceder a suprimir ou restrinxir debidamente a competencia doutros órganos preexistentes.

En definitiva, e tras uns anos inmersos nun contexto complicado, cómpre agora, aproveitando a adecuación do ~~IngacalNGACAL~~ á LOFAXGA a través da creación da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, dotada de todos os instrumentos que lle permitan cumprir a súa verdadeira finalidade: por unha banda ser o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade e, pola outra, potenciar a calidade da produción alimentaria galega, concentrando as actividades investigadoras e de desenvolvemento tecnolóxico no eido alimentario para suplir os déficits que nesta materia se produzan na nosa ~~C~~omunidade ~~A~~utónoma como figura de planificación e establecendo como obxectivo principal da súa actividade investigadora, o de responder aos retos científicos e tecnolóxicos aos que se enfrontan os sectores agroforestal e agroalimentario, vinculados á mellora da súa competitividade.

E por iso que a Axencia Galega ~~de~~ Calidade Alimentaria vai ~~a~~-asumir as funcións que desenvolvía o Servizo de Promoción da Calidade Agroalimentaria, da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, ~~en~~ liña do disposto na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, ao cualificar a este ente como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos.

Así mesmo, para facer efectivo o mandato legal contido no artigo 32 da Lei 2/2005, referido ao obxecto do ~~IngacalNGACAL~~ como instrumento de actuación da Xunta de

Galicia en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario, pasan a integrarse na Axencia os centros de investigación da consellería e a Subdirección ~~X~~eral de Formación e Innovación Agroforestal cos seus servizos competentes en materia de formación e de transferencia tecnolóxica.

As súas actividades supoñen tanto o estudo e a indagación nas necesidades e inquiredanzas do sector agroforestal promovendo a investigación nas materias que este demande, como a divulgación dos resultados da investigación e a innovación formando os últimos destinatarios destas actividades, motivo polo cal tamén se integran nesta Axencia as competencias en materia de formación e transferencia tecnolóxica, así como os centros de formación que, ata agora, dependían da Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal.

Por outra parte, tendo en conta o sinalado na disposición adicional quinta da antedita lei, o Instituto Galego da Calidade Alimentaria (~~Ingaca~~~~INGACA~~) cambiará a súa denominación para non inducir a confusión por facer referencia a outra entidade instrumental do sector público, e pasa a denominarse Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Así pois, mediante este decreto, desenvólvese o parágrafo primeiro da disposición adicional quinta e o parágrafo quinto da disposición transitoria terceira da devandita Lei 16/2010, do 17 de decembro.

A adaptación da Axencia Galega da Calidade Alimentaria e a aprobación dos seus ~~e~~Estatutos, incorporados como ~~a~~Anexo, constitúen o obxecto do presente ~~d~~Decreto, que consta dun artigo único, once disposicións adicionais, cinco disposicións transitorias, dunha disposición derogatoria e de tres disposicións derradeiras.

O Estatuto estrutúrase en 56 artigos agrupados en nove capítulos:

O capítulo I recolle as disposicións xerais, con referencia á natureza da Axencia como unha entidade pública instrumental das previstas no título III da LOFAXGA, ao seu réxime xurídico e normativa de aplicación, á condición de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma, aos seus principios básicos de actuación e ás funcións que desenvolve.

O capítulo II ocúpase da organización da Axencia. Estrutúrase en cinco seccións: a primeira regula os órganos de goberno (Consello Reitor e Presidencia); a segunda, os órganos executivos (a Dirección e a Xerencia); a terceira, o Órgano Consultivo da Axencia (o Consello Asesor da Dirección); a cuarta contén a estrutura administrativa, con referencia aos órganos administrativos e ás correspondentes funcións e, finalmente, a sección quinta regula a Comisión de Control e Seguimento.

O capítulo III regula o contrato plurianual de xestión e o plan de acción anual da Axencia.

O capítulo IV regula o réxime do persoal da Axencia, con referencia aos procedementos de selección e aos mecanismos de ordenación dos postos de traballo.

O capítulo V recolle o réxime patrimonial e de contratación da Axencia.

O capítulo VI refírese ás regras e actos da Axencia, a competencia para ditálas e o réxime de recursos que procede contra estes.

O capítulo VII contén o réxime económico-financeiro e orzamentario, con referencia aos ingresos, ao orzamento, ao réxime de contabilidade e aos mecanismos de control da xestión económica-financeira.

**Con formato:** Fuente: (Predeterminado) Liberation Serif, Negrita, Cursiva

**Con formato:** Normal, Interlineado: sencillo, Punto de tabulación: No en 0 cm

O capítulo VIII regula a modificación dos estatutos e o capítulo IX a extinción da Axencia.

Así pois, de acordo co anteriormente exposto, e segundo a disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, por proposta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e logo da deliberación do Consello da Xunta, na súa reunión do día

DISPOÑO

Artigo único. *Obxecto*

Este decreto ten por obxecto, en virtude do previsto na disposición transitoria terceira e da disposición adicional quinta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia:

- a) A adaptación dos estatutos do Instituto Galego dae Calidade Alimentaria ás normas de organización e funcionamento das axencias públicas autonómicas contidas na antedita Lei que se insiren como anexo a este decreto.
- b) O cambio de denominación do Instituto Galego dae Calidade Alimentaria (Ingacal) que pasa a denominarse Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) e a súa constitución como axencia pública autonómica.
- c) A adscrición de órganos e unidades administrativas da Consellería do Medio Rural á Axencia Galega dae Calidade Alimentaria, segundo consta nas disposicións deste decreto.

**Con formato:** Fuente: (Predeterminado) +Cuerpo (Calibri), 12 pto, Sin Negrita, Sin Cursiva, Color de fuente: Automático, (Asiático) Chino (RPC)

**Con formato:** Encabezado 4, Izquierda, Punto de tabulación: 0 cm, Izquierda

**Con formato:** Fuente: (Predeterminado) +Cuerpo (Calibri), 12 pto, Sin Negrita, Sin Cursiva, Color de fuente: Automático, (Asiático) Chino (RPC)

**Con formato:** Fuente: (Predeterminado) +Cuerpo (Calibri), (Asiático) Chino (RPC)

Disposición adicional primeira. *Constitución da Axencia Galega da Calidade Alimentaria e supresión do Instituto Galego da Calidade Alimentaria*

1. A constitución da Axencia Galega da Calidade Alimentaria producirase coa celebración da sesión constitutiva do seu Consello Reitor, que terá lugar dentro do prazo de tres meses dende a entrada en vigor deste decreto, data esta última a partir da cal se realizarán todas as actuacións conducentes á súa adaptación organizativa e de funcionamento.

2. A nova Axencia subrógase en todas as relacións xurídicas, os bens, dereitos e obrigas do Instituto Galego da Calidade Alimentaria, asumindo as súas competencias e funcións legalmente atribuídas.

Disposición adicional segunda. *Adscrición de órganos e unidades administrativas do ente de dereito público Instituto Galego da Calidade Alimentaria*

1. Quedarán adscritas á Axencia Pública Agacal, no momento da súa constitución, as unidades administrativas de nivel orgánico inferior a servizo, previstas na relación de postos de traballo do ente de dereito público Ingacal que se suprime.

Con formato: Fuente: 12 pto

Con formato: Fuente: 12 pto

Con formato: Sin Resaltar

Con formato: Fuente: 12 pto

Con formato: Fuente: 12 pto

Con formato: Sin Resaltar

Con formato: Fuente: 12 pto

2. A adscrición efectuarase aos órganos da estrutura orgánica previstos nos estatutos da Axencia pública autonómica Agacal segundo se dispoña por Resolución da Presidencia desta.

Disposición adicional terceira. *Incorporación do persoal do Instituto Galego da Calidade Alimentaria*

1. A Axencia subrogase nos contratos do persoal laboral fixo do ente público Ingacal que preste servizos na Axencia pública Agacal na data da súa constitución.



2. O ~~p~~Personal laboral fixo que se incorpore ~~á~~ a Axencia, integrárase voluntariamente como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia previa tramitación do procedemento de integración previsto no ~~t~~ítulo II do Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable al persoal das entidades instrumentais integrantes de sector público autonómico de Galicia que serán obxecto de creación, adaptación e extinción, sempre que cumpran os requisitos previstos ~~no~~ en dito decreto.

3. O procedemento de integración do persoal laboral fixo do ente público Ingacal iniciárase por proposta da Consellería do Medio Rural no prazo dos tres meses seguintes á constitución da ~~A~~axencia.

4. Este persoal integrárase funcionalmente na organización do traballo da ~~a~~Axencia pública Agacal.

Disposición adicional cuarta. *Asunción de funcións e competencias en materia de investigación, formación e calidade agroalimentaria*

1. A Axencia Galega da Calidade Alimentaria, asumirá dende a súa constitución as funcións e competencias atribuídas en materia de formación, innovación e investigación e en materia de innovación tecnolóxica á Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal.

2. Tamén asumirá, dende a súa constitución, as funcións e competencias en materia de promoción da calidade agroalimentaria atribuídas á Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

3. A Axencia subrogárase en todas as relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas derivados do exercicio das ditas competencias.

Disposición adicional quinta. *Adscripción de órganos e unidades da Consellería do Medio Rural*

Con formato: Fuente: Cursiva

Con formato: Fuente: Cursiva

1. Por resolución da Presidencia da Axencia quedarán adscritas á Axencia, no momento da súa constitución, as unidades administrativas con nivel orgánico inferior a servizo previstas na relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural correspondentes á Subdirección Xeral de Formación e Innovación Agroforestal da Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal.

Con formato: Sin Resaltar

Especificamente, a Axencia asumirá dende a súa constitución o control, xestión e administración dos seguintes centros:

Con formato: Sin Resaltar

a) *Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (Abegondo-A Coruña) do que depende a Estación Experimental de Gandería de Montaña de Marco da Curra (Monfero-A Coruña), a Estación Experimental Agrogandeira de Pobra do Brollón (A Pobra de Brollón-Lugo) e a Estación Experimental Agrícola de Baixo Miño en Salceda de Caselas (Salceda de Caselas-Pontevedra);*

b) Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Leiro-Ourense), da cal depende a Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Ribadumia (Pontevedra);

c) Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia (Abegondo-A Coruña);

d) Centro de Investigación Forestal de Lourizán (Pontevedra).

2. Por resolución da Presidencia da Axencia quedarán adscritas á Axencia, no momento da súa constitución, as unidades administrativas con nivel orgánico inferior a servizo previstas na relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural correspondentes ao Servizo de Promoción da Calidade Agroalimentaria da Subdirección Xeral de Industrias e Calidade Agroalimentaria, da Dirección Xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

Con formato: Sin Resaltar

Con formato: Sin Resaltar

3. As adscricións sinaladas nos apartados anteriores efectuaranse aos órganos da estrutura orgánica previstos nos estatutos da Axencia segundo se dispoña por resolución da súa Presidencia.

4. As persoas titulares da subdirección e servizos que se adscriben á Axencia continuarán como titulares ~~do~~ ditos órganos.

Disposición adicional sexta. *Adscripción de persoal- da Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal e da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias*

1. O persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo que ocupe postos de traballo que se adscriben á Axencia, ~~o~~ pasará a desempeñar as súas funcións na Axencia Galega da Calidade Alimentaria, co mesmo réxime e nas mesmas condicións que tiñan cando dependían da Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal ou da Dirección Xeral de ~~de~~ Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, con efectos desde a súa constitución.

2. O persoal interino e o persoal laboral temporal que se adscriben á Axencia no momento da súa entrada en funcionamento, ~~o~~ pasará a desempeñar as súas funcións na nova Axencia, co mesmo réxime e nas mesmas condicións que tiñan cando dependían da Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal e da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroal~~ie~~mentarias, e baixo o mesmo vínculo temporal, con efectos desde a súa constitución.

3. Este persoal integrarase funcionalmente na organización do traballo da axencia pública Agacal e dependendo dos órganos da súa estrutura, segundo se determine por resolución da ~~Pr~~presidencia.

Disposición adicional sétima. *Primeiro contrato plurianual de xestión*

O Consello Reitor da Axencia, no prazo de tres meses seguintes ~~á~~ a súa constitución, aprobará a proposta do primeiro contrato plurianual de xestión da ~~A~~axencia.

Disposición adicional oitava. *Adscrición de edificios de Pazo de Quiián e Palleira en Sergude (Boqueixón).*

1. Adscíbense á Axencia Galega da Calidade Alimentaria os edificios do Pazo de Quiián e Palleira situados en Sergude (Boqueixón) onde queda establecida a sede da Axencia.

2. Así mesmo adscíbense á Axencia Galega da Calidade Alimentaria os centros de traballo onde desenvolven as súas actividades o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, o Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia, a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia e o Centro de Investigacións Forestais de Lourizán.

3. Tamén quedan adscritos á Axencia os bens que na data da súa posta en funcionamento se encontren, por calquera título, afectos ao desenvolvemento das súas competencias, sen necesidade de declaración expresa.

Disposición adicional novena. *Referencias normativas ao Instituto Galego da Calidade Alimentaria*

Con formato: Fuente: Cursiva

As mencións que a normativa vixente realiza ao ente de dereito público Instituto Galego da Calidade Alimentaria entenderanse realizadas á axencia pública autonómica Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Disposición adicional décima. *Perspectiva e igualdade de xénero*

No exercicio das funcións establecidas neste decreto, así como no funcionamento da Axencia, terase en conta a perspectiva de xénero e o principio de igualdade entre mulleres e homes, así como o cumprimento efectivo do previsto na Lei 2/2007, do 28 de marzo, de traballo en igualdade das mulleres de Galicia, na Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, e na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Disposición adicional décimo primeira. *Inventario*

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria realizará o primeiro inventario dos bens que se lle adscriben e dos que puidera adquirir para o inicio da súa actividade antes de que transcorra un ano dende a súa posta en funcionamento.

Disposición transitoria primeira. *Servizos comúns*

Os servizos comúns da Consellería do Medio Rural continuarán exercendo en relación coa Axencia as competencias que tiñan atribuídas respecto ás direccións xerais ata que aquela dispoña dos servizos propios necesarios para acadar a súa autonomía

Disposición transitoria segunda. *Órganos do Instituto galego da Calidade Alimentaria*

1. O Consello de Dirección regulado polo Regulamento do Instituto Galego da Calidade Alimentaria aprobado por Decreto 259/2006, o 28 de decembro continuará no desenvolvemento das súas funcións ata que se constitúa o Consello Reitor da Axencia.
2. Mentres non se proceda a nomear unha persoa titular da Dirección da Axencia Galega da Calidade Alimentaria o cargo será exercido pola mesma persoa que viña desempeñando o posto ata agora.
3. O Consello Asesor regulado polo Regulamento do Instituto Galego da Calidade Alimentaria aprobado por Decreto 259/2006, o 28 de decembro, continuará no desenvolvemento das súas funcións ata que se constitúa o Consello Asesor da Axencia
4. A Secretaría Xeral do Ingacal e a persoa titular do Departamento de Protección da Calidade Diferencial continuarán transitoriamente no desenvolvemento das súas funcións ata que se produzan os correspondentes nomeamentos de conformidade co previsto nos estatutos da Axencia.

Disposición transitoria terceira. *Delegacións de funcións e competencias*

Desde o momento do comezo do funcionamento da Axencia, as delegacións de funcións e competencias do Consello de Dirección e da Presidencia do ente de dereito público Instituto Galego da Calidade Alimentaria na persoa titular da ~~P~~presidencia e na persoa titular da ~~D~~dirección, outorgadas pola ~~R~~Resolución do 5 de setembro de 2012, de delegación de competencias do ~~C~~consello de ~~D~~dirección na persoa titular da ~~D~~dirección do Instituto Galego da Calidade Alimentaria e pola Resolución do 24 de abril de 2013 de delegación de competencias da Presidencia na persoa titular da Dirección do Instituto Galego da Calidade Alimentaria, entenderanse feitas a favor das persoas titulares, respectivamente, da Presidencia e da Dirección da axencia pública autonómica Axencia Galega da Calidade Alimentaria, en tanto non as modifique o Consello Reitor nin se opoñan ao previsto no ~~e~~Estatuto da Axencia.

Disposición transitoria cuarta. *Relación de postos de traballo*

Ata a elaboración e aprobación da relación de postos de traballo inicial da Axencia Galega da Calidade Alimentaria manteráse como instrumentos de ordenación dos seus recursos humanos a relación de postos de traballo dos órganos e dos centros de investigación da Consellería do Medio Rural que se lle adscriben á Axencia e o cadro de persoal do Instituto Galego da Calidade Alimentaria, coas dotacións existentes no momento da posta en funcionamento da Axencia.

Disposición transitoria quinta. *Réxime transitorio dos procedementos*

Os expedientes iniciados polo ente de dereito público Instituto Galego da Calidade Alimentaria ou polos órganos ou centros de investigación que se adscriben á Axencia, e non resolto antes da posta en funcionamento dela, resolveraos o órgano competente da axencia pública autonómica Axencia Galega da Calidade Alimentaria, de acordo coa atribución de competencias establecidas polos estatutos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

1. De conformidade co previsto no número 3 da disposición derogatoria da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración ~~X~~eral e do sector público autonómico de Galicia, quedan derrogados os artigos 33 a 38 do título IV da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

2. Queda derrogado o Decreto 259/2006, do 28 de decembro, polo que se aproba o regulamento do Instituto Galego da Calidade Alimentaria.

3. Queda derrogado o artigo 14 do Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

4. Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural*

O Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, queda modificado como segue:

Un. O número 1 do artigo 11 queda redactado como sigue:

*“Artigo 11. Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal*

1. Á Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal correspóndelle o exercicio das competencias inherentes á ordenación, fomento e mellora da produción forestal, e as medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais.

En relación coas actuacións comprendidas dentro destes ámbitos competenciais, supervisará e inspeccionará os proxectos de obras e a súa execución material, tanto nos supostos de adxudicación como nos de execución pola Administración.

Como Administración ou órgano forestal, no ámbito das súas competencias e baseada en métodos de xestión integrada de pragas, velará pola protección dos montes promovendo as medidas de prevención, protección e tratamento, tanto silvícolas como sanitarias, que favorezan a súa vitalidade e a utilización de axentes biolóxicos que impidan o incremento das poboacións de axentes nocivos, así como o control e certificación de sementes, materiais forestais de reprodución e producións forestais.”

Dous. A letra e) do número 1 do artigo 15, queda redactado como segue:

“e) Así mesmo, compételle a ordenación, o fomento e os procedementos relacionados coas industrias agroalimentarias, así como todo o relacionado coa promoción e o fomento dos produtos agroalimentarios, as propostas de denominacións de orixe e de calidade do sector agroalimentario e o control da calidade comercial dos alimentos.”

Tres. O artigo 18, queda redactado como segue:

“Artigo 18. *Subdirección Xeral de Industrias e Calidade Agroalimentaria*

1. Á Subdirección Xeral de Industrias e Calidade Agroalimentaria compételle a ordenación, fomento, coordinación, asesoramento e vixilancia das industrias agroalimentarias, a promoción e o fomento da comercialización dos produtos agroalimentarios, as propostas de recoñecemento das denominacións de orixe e de calidade do sector agroalimentario, así como a vixilancia do prestixio das xa recoñecidas e a inspección e defensa contra as fraudes á calidade alimentaria.

2. Para o desenvolvemento das ditas funcións conta cos seguintes servizos:

a) Servizo de Industrialización e Comercialización, que exercerá as accións de ordenación e fomento das industrias agroalimentarias e a promoción e o fomento da comercialización dos produtos agroalimentarios.



b) Servizo de Control da Calidade Alimentaria, que desenvolverá todas as actuacións en materia de defensa contra as fraudes á calidade alimentaria, así como as relativas á coordinación dos traballos do persoal que realiza funcións de inspección nesa materia.”

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo*

Autorízase á persoa titular da Consellería do Medio Rural para desenvolver mediante orde o disposto neste decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

O presente decreto entrará en vigor aos vinte días seguintes da súa publicación no Diario Oficial de Galicia

Santiago de Compostela, o .....de dous mil dezaseis

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Ángeles Vázquez Mejuto

Conselleira do Medio Rural

## ANEXO

### Estatuto da Axencia Galega da Calidade Alimentaria

#### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 1. *Natureza e adscrición*

1. A Axencia Galega da Calidade Alimentaria (en adiante, a Axencia) é unha axencia pública autonómica que se encadra dentro das entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia.

2. A Axencia está adscrita á consellería da Xunta de Galicia competente en materia de agricultura (en adiante, a consellería de adscrición); ten personalidade xurídica propia, patrimonio e tesourería propios e autonomía na súa xestión nos termos establecidos por estes estatutos e demais normativa vixente de aplicación.

##### Artigo 2. *Obxecto*

O obxecto da Axencia é o seguinte:

1. Constituírse no instrumento básico de actuación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade;
2. Investigar e realizar o desenvolvemento tecnolóxico no sector agroalimentario;
3. Desenvolver as actividades de I+D+i nos sectores agrario, gandeiro e forestal, dentro do marco das competencias que a esta Axencia lle atribúen estes estatutos;

4. Realizar aquelas outras actuacións relacionadas coas actividades anteriores que determine a consellería de adscrición cos medios e persoal que a ela se adscriben.

### Artigo 3. *Réxime xurídico*

1. A Axencia axustará a súa actuación ao establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na normativa financeira e orzamentaria da Comunidade Autónoma de Galicia; ao establecido no presente estatuto e nas súas normas de desenvolvemento, e supletoriamente, ao previsto nas normas aplicables ás entidades públicas instrumentais da Administración autonómica.

2. Ademais, a Axencia réxese polo establecido na Lei 2/2005 de protección e defensa da calidade alimentaria galega en todo o que non fora modificado pola lexislación citada no punto anterior.

3. Para o desenvolvemento das súas actuacións no ámbito da I+D+i a Axencia réxese ademais pola lexislación básica do Estado nesta materia, a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, e pola Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, ou normas que as substitúan.

### Artigo 4. *Condición de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia*

1. A Axencia Galega da Calidade Alimentaria ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración ~~x~~eral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos poderes adjudicadores dela dependentes, polo que está obrigada a realizar os traballos que aquela ou estes lle encomenden no ámbito das súas funcións, e nos termos fixados nestes estatutos.

2. As relacións da Axencia cos poderes adjudicadores dos que é medio propio e servizo técnico teñen natureza instrumental e non contractual, e articularanse a través de encargos ou das encomendas de xestión previstas no punto 6 do artigo 24 do texto

refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que, para todos os efectos, as ditas relacións son de carácter interno, dependente e subordinado. As encomendas ou encargos de xestión retribuiranse mediante tarifas e comportarán a facultade do órgano que as efectúa de ditar instrucións necesarias para a súa execución.

3. A Axencia non poderá participar nos procedementos para a adxudicación de contratos convocados polos poderes adxudicadores dos cales sexa medio propio e servizo técnico. Porén, cando non concorra ningún licitador poderá encargárselle a execución da actividade obxecto de licitación pública.

4. A competencia para revisar de oficio os actos preparatorios e de adxudicación dos contratos que formalice a Axencia como medio propio e servizo técnico corresponderalle- á consellería de adscrición.

#### Artigo 5. *Potestades administrativas e relacións con outras ~~a~~Administracións-~~p~~Públicas*

1. Correspóndelle á Axencia o exercicio das potestades administrativas precisas para o cumprimento dos seus fins e funcións, de acordo coa lexislación aplicable e dentro das competencias que este estatuto e, se é o caso, outras normas lle atribúan.

2. As relacións da Axencia cos órganos da ~~A~~administración autonómica e das restantes ~~a~~Administracións ~~p~~Públicas ás que dea lugar o exercicio das competencias e funcións establecidas neste estatuto, manteranse pola Presidencia da Axencia, no marco que estableza o Consello Reitor.

3. A Presidencia poderá delegar o desenvolvemento ordinario das ditas relacións na persoa titular da Dirección e noutro persoal da Axencia.

#### Artigo 6. *Sede*

A Axencia terá a súa sede institucional no Pazo de Qui~~l~~án, Sergude (Boqueixón-A Coruña).

#### Artigo 7. *Principios básicos de actuación*

A Axencia respectará na súa actuación os principios de xestión transparente por obxectivos; de servizo á cidadanía, ás institucións e á sociedade no seu conxunto; de obxectividade; de eficacia e eficiencia e, especificamente, os seguintes:

- a) Principio de transparencia e participación, entendidos respectivamente como a rendición de contas á cidadanía e como o compromiso de consulta e participación das persoas interesadas na realización dos seus traballos.
- b) Principios de autonomía e responsabilidade, entendidos respectivamente como a capacidade da Axencia de xestionar con autonomía os medios postos ao seu dispor para acadar os obxectivos comprometidos, e como a súa disposición a asumir as consecuencias derivadas dos resultados alcanzados.
- c) Principios de cooperación interadministrativa e participación institucional, entendidos como a disposición activa a colaborar con outras administracións e institucións.
- d) Principio de calidade e mellora continua, entendido como o compromiso sistemático coa autoavaliación e a utilización de modelos que permitan establecer áreas de mellora.

#### Artigo 8. *Transparencia informativa*

Sen prexuízo das demais obrigas de información á cidadanía establecidas na lexislación vixente e daquelas outras que o Órgano de Dirección considere oportunas, a Axencia publicará na súa páxina web corporativa información actualizada sobre os seguintes aspectos:

- a) O contrato de xestión da Axencia, o plan de acción anual, o informe xeral de actividade e as contas anuais, acompañadas do informe de auditoría de contas.
- b) As redes de coñecemento e intercambio de información que impulse e, se é o caso, outras que existan no territorio de Galicia.

- c) Os recursos públicos destinados pola Xunta de Galicia ás políticas que desenvolva a Axencia e, ~~se é de ser~~ o caso, condicións e formas de acceso a eles.
- d) Outros recursos públicos ou privados destinados a similares fins e dispoñibles no ámbito de Galicia, dos que a Axencia teña coñecemento.
- e) Os procedementos e medios de acceso dos interesados aos servizos da Axencia e os dereitos que para ese efecto lles correspondan.

#### Artigo 9. *Funcións en materia de calidade alimentaria*

Correspóndelle á Axencia, en virtude do establecido na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, o desenvolvemento das seguintes funcións en materia de calidade alimentaria:

- a) Realizar actuacións de control e certificación dos produtos acollidos ás denominacións xeográficas de calidade e en xeral ás distintas figuras de protección da calidade alimentaria do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia ás que fai referencia o ~~t~~ Título III da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, ou calquera outra de interese xeral para a ~~C~~Comunidade ~~A~~Autónoma que se lle encargue.
- b) Executar cantos controis se lle encarguen en relación coa calidade e etiquetaxe dos produtos alimentarios, así como coas condicións das materias primas e a ~~rastreabilidade~~~~trazabilidade~~ da produción alimentaria.
- c) Promover e defender a calidade dos produtos amparados polas denominacións e indicativos de calidade.
- d) Realizar estudos e preparación da documentación para o recoñecemento de novas denominacións xeográficas e doutras figuras de protección da calidade que se estimen de interese xeral para a ~~C~~Comunidade ~~A~~Autónoma.

- e) Prestar todo tipo de servizos de asesoramento e xestión aos consellos reguladores das denominacións xeográficas de calidade e aos órganos de xestión doutras figuras de protección da calidade alimentaria.
- f) Efectuar, logo da formalización do correspondente acordo, aqueles traballos relacionados coa certificación de produtos que lle sexan solicitados por un consello regulador ou outra entidade titular dunha figura de protección da calidade, como análises fisicoquímicas ou organolépticas, inspeccións e verificacións.
- g) Actuar como auditor externo dos consellos reguladores e demais entidades xestoras de figuras de calidade dos produtos alimentarios aos que se refire o artigo 3 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, para os efectos do control oficial da cadea alimentaria en relación cos programas vinculados á calidade diferencial que establece a normativa específica e actuar como órgano de control das distintas entidades de certificación de produtos alimentarios que operen na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### *Artigo 10. Funcións en materia de investigación*

Correspóndelle á Axencia, en virtude do establecido na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, o desenvolvemento das seguintes funcións en materia de investigación:

1. Determinar e canalizar as demandas científico-técnicas e analíticas do sector agrario e alimentario de Galicia, tendo en conta as súas necesidades mediante procedementos eficaces de participación dos axentes socioeconómicos afectados nas distintas áreas de traballo.
2. Impulsar as actividades de I+D+i nos sectores agrario e alimentario de Galicia.

3. Asesorar a Consellería do Medio Rural nas funcións de coordinación da investigación en materia agraria.

4. Promover e executar os traballos de investigación nas materias asignadas, tanto respecto das actividades de produción e transformación como respecto do cumprimento das boas prácticas agrarias e outros requirimentos dos procesos produtivos primarios nas explotacións galegas, de mellora xenética e fitopatoloxía agrícola e forestal, ~~as~~ relativas á conservación dos recursos xenéticos, á ecoloxía e silvicultura das especies forestais, á propagación, prevención e defensa contra os incendios forestais e ao impacto das actividades do sector agrario sobre o medio ~~ambiente~~. Para o cumprimento desta finalidade poderá solicitar recursos materiais e humanos que poidan ser asignados por calquera das Administracións públicas no marco de plans de investigación e desenvolvemento tecnolóxico e innovación.

5. Propiciar e facilitar a transferencia e adopción dos resultados obtidos nas investigacións, publicando e divulgando os resultados dos ensaios e proxectos de experimentación, así como a dirección e elaboración das estatísticas en materia agraria en coordinación co Instituto Galego de Estatística.

6. A través dos seus laboratorios realizará as seguintes funcións:

a) Atender a demanda de análises químicos de ~~alimentos~~, bebidas, solos, fertilizantes, augas de rega e produtos de alimentación animal.

b) Investigar a presenza de residuos de produtos fitosanitarios en alimentos, bebidas e en alimentación animal.

c) Diagnosticar enfermidades e a presenza de pragas nos cultivos herbáceos, leñosos e forestais.

d) Realizar análises no ámbito da sanidade vexetal.

e) Emitir certificados de exportación de bebidas e tamén ~~realizar~~ informes ~~e~~ recomendacións que teñan que ver coas análises realizadas.



7. Fomentar a introdución de sistemas de ~~rastreabilidade~~~~trazabilidade~~ e, en xeral, desenvolver todo tipo de actividades que fagan progresar a tecnoloxía, a calidade e a competitividade do sector agroindustrial galego.

8. Desempeñar as funcións relacionadas coa xestión en materia da artesanía alimentaria, tales como control do uso do indicativo da artesanía, xestión do rexistro de artesanía alimentaria, comprobación do cumprimento dos requisitos para a obtención da condición de artesán e empresa artesanal e elaboración das normas técnicas de cada produto derivado da artesanía alimentaria, no marco da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

9. Establecer fórmulas específicas de recrutamento, formación e actualización do persoal investigador, nos ámbitos agrario e alimentario, así como as de intercambio e colaboración con outros centros de investigación rexionais, nacionais e internacionais.

10. Participar en institucións e foros nacionais e internacionais para a consecución dos fins da Axencia.

11. Promover ou participar directamente nas operacións concretas de desenvolvemento nas que se dean as circunstancias de interese territorial ou estratéxico, insuficiente participación dos axentes socioeconómicos e a necesidade de estruturar ou reestruturar un ámbito produtivo vinculado ao sector alimentario e que lle sexan encomendadas.

12. Pór en valor as distintas actuacións tecnolóxicas e investidoras incluídas nas anteriores alíneas ou as que deriven do acervo de coñecementos da Axencia, mediante as fórmulas axeitadas de divulgación ou comercialización, así como as de participación e imbricación dos distintos subsectores nas actuacións propias, sen menoscabo das funcións de divulgación e promoción que neste ámbito poida desenvolver a Consellería de adscrición .

13. Conservar o patrimonio xenético tradicional de Galicia das especies de produción agroforestal.

14. Promover a mellora xenética do material vexetal de produción agroforestal.

15. Exercer calquera outra función técnica, material ou xurídica, que se lle encomende en relación cos seus obxectivos, ou calquera outra que se lle atribúa pola lexislación vixente.

#### Artigo 11. *Funcións en materia de formación*

Correspóndelle á Axencia, en virtude do establecido na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, o desenvolvemento das seguintes funcións en materia de formación:

- a) Desenvolver, mediante as fórmulas axeitadas de divulgación, as distintas actuacións tecnolóxicas e investigadoras incluídas nos anteriores artigos.
- b) Programar a formación agraria, nos seus aspectos de ensinanzas regradas e non regradas, tanto das persoas agricultoras, gandeiras e silvicultoras, como das súas asociacións e agrupacións, así como daquelas persoas que queiran acceder no futuro á titularidade ou xerencia de calquera explotación agraria ou forestal
- c) Coordinar os centros de formación e experimentación agraria.
- d) Coordinar e facer o seguimento dos cursos de formación realizados no ámbito agrario.

## CAPÍTULO II

### **Organización**

#### *Sección 1ª. Órganos de goberno*

#### Artigo 12. *Órganos de goberno da Axencia*

1. Os órganos de goberno da Axencia son:

- a) A Presidencia.

b) O Consello Reitor.

2. Na designación das persoas titulares e membros dos órganos de goberno da Axencia atenderase ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes.

### Artigo 13. A Presidencia

1. A Presidencia da Axencia correspóndelle á persoa titular da consellería de adscrición.

2. Correspóndelle á persoa titular da Presidencia:

a) Desempeñar a máxima representación institucional da Axencia.

b) Ordenar a convocatoria do Consello Reitor, fixar a orde do día e presidir as súas sesións.

c) Velar pola consecución dos obxectivos asignados á Axencia.

d) Propoñer a adopción das disposicións regulamentarias necesarias para a organización e funcionamento da Axencia.

e) -Subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Axencia, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público, sen prexuízo da súa posible desconcentración.

f) Exercer as funcións delegadas polo Consello Reitor.

g) Dirimir co seu voto os empates.

h) Visar as actas e certificados dos acordos do Consello Reitor.

i) Cantas outras atribucións sexan inherentes á presidencia dun órgano colexiado.

3. A persoa titular da Presidencia poderá delegar aquelas funcións propias que estime oportunas e sexan susceptibles de delegación, na persoa titular da Dirección.

4. No caso de ausencia exercerá as súas funcións a persoa que ocupe a Dirección.

5. O cargo de presidente/a non é un cargo retribuído.

#### Artigo 14. Composición do Consello Reitor

1. O Consello Reitor é o órgano Colexiado de goberno da Axencia Galega da Calidade Alimentaria. Estará integrado polos seguintes membros:

a) Presidente/a: a persoa titular da Presidencia da Axencia.

b) A persoa titular da Dirección da Axencia.

c) Sete vogais, nomeados pola persoa titular da consellería de adscrición, de acordo coa seguinte distribución:

1º Unha persoa representante da consellería competente en materia de facenda, por proposta da persoa titular ~~desta mesma~~, de entre as persoas titulares dos seus órganos superiores ou de Dirección.

2º Catro persoas ~~representantes~~ da consellería de adscrición, de entre as persoas titulares dos seus órganos superiores ou de Dirección con competencias en propostas de denominacións de orixe e outros distintivos de calidade e industrias agroalimentarias, produción agropecuaria, produción forestal e industrias forestais e desenvolvemento rural.

3º Dúas persoas de entre os órganos da Axencia, con rango de xefatura de servizo, con competencias en investigación agraria e en formación agraria.

2. A persoa que ocupe a Secretaría do Consello Reitor será designada por este por proposta da Presidencia, ~~entre~~ o persoal que presta servizos na Axencia ou na consellería de adscrición. A persoa titular da Secretaría asistirá ás reunións con voz pero sen voto.

3. Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou cando concorra outra causa legal xustificada:

a) As persoas titulares das vogalías serán substituídas, se é o caso ~~seu caso~~, polos seus respectivos suplentes, propostos pola mesma persoa ou entidade que tivese proposto as persoas titulares.

b) A persoa titular da Secretaría será substituída pola persoa nomeada polo Consello Reitor para estes efectos.

4. Poderán asistir ás sesións do Consello Reitor as persoas que sexan convocadas pola persoa titular da ~~P~~residencia en calidade de expertas, cuxo ditame e/ou asesoramento sexa relevante, en relación coas materias incluídas na orde do día.

#### Artigo 15. *Atribucións do Consello Reitor*

Corresponden ao Consello Reitor as seguintes atribucións:

- a) Aprobar a proposta do contrato de xestión da Axencia.
- b) Aprobar os obxectivos e plans de acción anuais e plurianuais da Axencia e os criterios cuantitativos e cualitativos de medición do cumprimento dos devanditos obxectivos e do grao de eficiencia na xestión, no marco establecido polo contrato de xestión.
- c) Aprobar o anteproxecto de orzamentos anuais e da contracción de obrigas de carácter plurianual dentro dos límites fixados no contrato de xestión.
- d) O seguimento, a supervisión e o control da actuación da entidade e da xestión da persoa titular da Dirección e a esixencia das responsabilidades que procedan.
- e) Aprobar as contas anuais, acompañadas do informe de auditoría de contas, e, ~~se é de ser~~ o caso, a distribución do resultado do exercicio, consonte á lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) Aprobar un informe xeral anual da actividade correspondente ao ano inmediatamente anterior, e cantos extraordinarios considere necesarios sobre a súa xestión, coa valoración dos resultados obtidos e a consignación das deficiencias observadas.
- g) O nomeamento e separación do persoal directivo, por proposta motivada da Dirección, logo do informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e función pública.

- h) Autorizar contratos laborais de duración determinada ou delegar esta función sen menoscabo dos informes preceptivos favorables dos centros directivos competentes en materia orzamentaria e de función pública que establece a lexislación vixente.
- i) Aprobar a proposta de relación de postos de traballo da Axencia e as súas modificacións logo do informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e función pública.
- j) Actuar como órgano de contratación, sen prexuízo das delegacións que no ámbito e cos límites previstos no artigo 18 deste estatuto lle correspondan á Dirección.
- k) A aprobación das propostas de modificación de estatutos e a aprobación das normas de réxime interno.
- l) A aprobación da iniciativa de creación ou participación en sociedades mercantís e fundacións con carácter previo ao procedemento establecido no artigo 104 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e ffuncionamento da Administración xxeral e do sSector ppúblico aAutonómico de Galicia e no artigo 93.2 da Lei, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- m) O nomeamento do secretario ou secretaria do Consello Reitor a proposta da persoa titular da Ppresidencia.
- n) As demais que se lle atribúan na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, neste estatuto ou noutras disposicións aplicables.

Con formato: Resaltar

#### Artigo 16. *Funcionamento do Consello Reitor*

1. O funcionamento e o réxime aplicable ao Consello Reitor axustarase ao previsto nas normas reguladoras das axencias públicas autonómicas e ao presente estatuto e ao

establecido na lexislación básica de réxime xurídico das ~~a~~Administracións ~~p~~Públicas, sen prexuízo das normas internas de que poida dotarse para o seu funcionamento.

2. O Consello Reitor reunirase cando sexa necesario para o desenvolvemento das funcións da Axencia e, cando menos, cada seis meses, previa convocatoria da persoa titular da ~~P~~residencia.

### *Sección 2ª. Órganos executivos*

Artigo 17. Son órganos executivos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria a Dirección e a Xerencia.

#### *Artigo 18. A Dirección*

1. A Dirección é o órgano executivo da Axencia, ao que lle corresponde a súa xestión ordinaria.

2. A persoa responsable da Dirección será nomeada polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da consellería de adscrición, entre as persoas que reúnan os requisitos de solvencia académica, profesional, técnica ou científica necesarios para o exercicio do cargo e experiencia acreditada na xestión pública. Terá a consideración de alto cargo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, con rango de director xeral.

#### *Artigo 19. Funcións da Dirección*

A Dirección ten as seguintes atribucións:

- a) Elaborar propostas de modificación ~~dos~~ estatutos da Axencia e proxectos de normas de réxime interior da Axencia e, se é o caso, das unidades adscritas.
- b) Elaborar o proxecto de plan anual de actividades da Axencia e a súa memoria explicativa.
- c) Elaborar a proposta de relación de postos de traballo da Axencia, ~~e~~ e as súas propostas de modificación.

- d) Impulsar, orientar, coordinar e inspeccionar os departamentos, os servizos e as unidades adscritas á Axencia e ditar as instrucións e circulares relativas ao seu funcionamento.
- e) Autorizar as modificacións orzamentarias e incorporar o remanente de tesourería non afectado ao orzamento do exercicio seguinte conforme ao establecido no artigo 83 da Lei 16/2010, do 17 de ~~d~~Decembro, de organización e funcionamento da ~~A~~Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- f) Dispoñer os créditos e dotacións, os recoñecementos das obrigas e autorizar e ordenar os pagamentos da Axencia dentro dos límites que lle correspondan.
- g) Elaborar o informe anual sobre a actuación e a xestión da Axencia.
- h) Propoñerlle ao Consello Reitor o nomeamento, de acordo cos criterios de profesionalidade, mérito e capacidade, do persoal directivo, así como o seu ~~cesamento~~cesamentoe.
- i) A proposta de resolución dos recursos administrativos, das reclamacións previas, en asuntos civís e laborais, e das reclamacións de responsabilidade patrimonial.
- j) Actuar, no ámbito dos contratos do sector público, como órgano de contratación da Axencia sempre que o importe ~~deste mesmo~~ sexa inferior ao fixado na normativa de contratación do sector público para que os contratos de subministración teñan a consideración de suxeitos a regulación harmonizada e, no caso de contratos de obras, cando o seu importe sexa inferior aos 600.000€.
- k) Elaborar a proposta dos obxectivos, dos plans de acción anuais e plurianuais da Axencia e dos criterios cuantitativos e cualitativos de medición do cumprimento dos devanditos obxectivos e do grao de eficiencia na xestión, no marco establecido polo contrato de xestión.



- l) Exercer a xefatura do persoal da Axencia e formalizar os contratos laborais de duración determinada necesarios para o funcionamento da Axencia, previamente autorizados polo Consello Reitor.
- m) Elaborar o anteproxecto de orzamentos da Axencia, así como render as contas correspondentes.
- n) Executar os acordos da Presidencia e do Consello Reitor e exercer as funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas ou delegadas.
- o) As demais que se lle atribúan na Lei 16/2010, do 17 de ~~d~~Decembro, de organización e funcionamento do sector público autonómico de Galicia, neste estatuto ou noutras disposicións aplicables, así como calquera outra competencia da Axencia non encomendada a outro órgano dela.

#### Artigo 20. A xerencia

1. A persoa que exerce a titularidade da Xerencia é persoal directivo e será nomeada e separada polo consello Reitor por proposta da persoa titular da súa presidencia. A xerencia exercerá as súas funcións baixo a dependencia xerárquica da Dirección.
2. Correspóndelle á Xerencia as funcións de xestión e administración ordinaria que corresponden á Dirección nas seguintes materias:
  - a) Coordinar a contratación pública da entidade.
  - b) Coordinar e inspeccionar os órganos e unidades da entidade, ditar as disposicións, as instrucións e as circulares de funcionamento e comunicación entre os distintos órganos desta, así como supervisar os procedementos de xestión da entidade.
  - c) Coordinar, baixo a Dirección da entidade, as restantes áreas desta.
  - d) Elaborar os informes que lle solicite o director xeral.
  - e) Realizar a xestión ordinaria da entidade, as funcións relativas aos recursos humanos, incluídos a xestión da relación de postos de traballo, o asesoramento ao Consello Reitor na fixación das retribucións e a condución das avaliacións periódicas de desempeño e cumprimento de obxectivos.

f) Elaborar o plan de acción anual sobre a base dos recursos dispoñibles e de acordo co contrato plurianual.

### *Sección 3ª. Órgano consultivo*

#### *Artigo 21. Consello Asesor da Dirección*

1. O Consello Asesor da Dirección é o órgano de consulta e asesoramento da Axencia.
2. O Consello Asesor da Dirección estará composto por:
  - a) O/a Xerente da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.
  - b) O/a xefe/a da Área de Formación, Investigación e Calidade Diferencial
  - c) Os/as xefes/as dos departamentos de Innovación Tecnolóxica, Formación, e de Protección da Calidade Diferencial e Promoción da Calidade Agroalimentaria e os directores dos centros de investigación.
  - d) O/a Director/a xerente da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne (CTC).
  - e) O/a Subdirector/a xeral con competencias en industrias e calidade alimentaria.
3. -A presidencia do Consello Asesor correspóndelle á persoa titular da Dirección da Axencia, que será substituída pola persoa titular da Xerencia da Axencia no caso de ausencia, enfermidade, vacante ou outra causa legal.
4. O Consello Asesor terá unha reunión ordinaria unha vez ao trimestre.
5. Á Secretaría do Consello Asesor correspóndelle, con voz pero sen voto, a quen teña ese cargo no Consello Reitor, e será substituído do xeito previsto para o Consello Reitor.

#### *Artigo 22. Funcións do Consello Asesor*

O Consello Asesor ten as seguintes funcións:

- a. Propoñer actuacións ~~á~~ Dirección da Aaxencia en materia de fomento, promoción e impulso da calidade dos produtos alimentarios galegos.
- b. Propoñer accións en materia de coordinación da investigación con outros organismos públicos de investigación.
- c. Propoñer actuacións ~~á~~ Dirección en cuestións técnicas, científicas e de transferencia tecnolóxica relacionadas cos sectores agrario, forestal e alimentario.
- d. Impulsar a elaboración do plan anual de actividades da Axencia e a súa memoria explicativa.
- e. Asesorar a Dirección na elaboración da proposta de relación de postos de traballo da Aaxencia, e as súas propostas de modificación.
- f. Asesorar a Dirección na elaboración do informe anual sobre a actuación e a xestión da Aaxencia.
- g. Impulsar a elaboración da proposta dos obxectivos, dos plans de acción anuais e plurianuais da Aaxencia e dos criterios cuantitativos e cualitativos de medición do cumprimento dos devanditos obxectivos e do grao de eficiencia na xestión, no marco establecido polo contrato de xestión.

#### *Sección 4ª. Estrutura administrativa*

#### Artigo 23. *Estrutura administrativa*

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria, para o exercicio das súas competencias, contará coa ~~a~~ ~~A~~ Área de Formación, Investigación e Calidade Diferencial así como ~~ce~~ dos órganos administrativos seguintes que teñen rango de servizo:

- a) Departamento de Innovación Tecnolóxica.
- b) Departamento de Formación.
- c) Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.
- d) Centro de Investigación Forestal de Lourizán.
- e) Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia.
- f) Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia.
- g) Departamento de Protección da Calidade Diferencial.
- h) Departamento de Promoción da Calidade Agroalimentaria

#### Artigo 24. *Área de Formación, Investigación e Calidade Diferencial*

Para o desenvolvemento das funcións da Axencia, contará coa Área de Formación, Investigación e Calidade Diferencial, órgano con nivel equivalente ao de subdirección xeral e con dependencia da Dirección, ao cal lle corresponden as funcións de:

- a) Programación e coordinación da formación agraria e a divulgación dos resultados da investigación agraria e alimentaria para conseguir a incorporación das innovacións tecnolóxicas aos sistemas produtivos primarios e de transformación, así como a realización de estudos, publicacións e estatísticas agrarias.
- b) Promoción, impulso e programación da investigación en materia agraria.
- c) Coordinación dos distintos centros de investigación e laboratorios en materia agraria, tendo en conta os obxectivos, programas e instrumentos dos plans galegos de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación vixentes en cada momento en Galicia.

d) Impulso e execución dos traballos de investigación nas materias asignadas e, en colaboración coa dirección xeral competente, atención ás demandas de análises relativas á seguridade alimentaria vexetal e á acreditación do bo estado das augas e solos de cultivo.

e) Control e organización de todos os traballos encamiñados á certificación das denominacións de calidade diferenciada.

#### Artigo 25. *Departamento de Innovación Tecnolóxica*

O Departamento de Innovación Tecnolóxica asumirá as seguintes funcións:

a) Publicar e divulgar os resultados experimentais e a adopción das innovacións tecnolóxicas en colaboración cos outros departamentos ou servizos do Ingacal/NGACAL e da consellería competente en materia agraria.

Con formato: Resaltar

b) Asesorar ao sector agrícola e forestal nas cuestións de innovacións e uso das novas tecnoloxías.

c) Dirixir e elaborar as estatísticas en materia agraria, en coordinación co Instituto Galego de Estatísticas, así como da coordinación das publicacións e edicións audiovisuais que se realicen.

d) Realizar as funcións que se lle encomenden en relación cos observatorios de prezos de produtos agrarios.

#### Artigo 26. *Departamento de Formación*

Correspóndenlle ao Departamento de Formación as seguintes funcións:

a) A organización e execución da formación das persoas agricultoras, gandeiras e silvicultoras, así como das súas asociacións e agrupacións, empresas de servizos agrarios e industrias agropecuarias, agroalimentarias e forestais, nos seus aspectos de ensinanzas regradas e non regradas.

b) -A formación do persoal dependente da consellería competente en materia agraria respecto das súas funcións técnicas, en colaboración, ~~se é de ser~~ o caso, con outros

Con formato: Justificado

departamentos ou entidades da Administración con competencias en materia de formación de persoal e sen menoscabo das competencias atribuídas a estas entidades.

c) A coordinación e seguimento dos cursos de formación realizados no ámbito de actuación dos servizos centrais e periféricos en materia agraria e dos organizados por entidades privadas no marco que especifique a correspondente normativa.

d) A coordinación dos seguintes centros de formación e experimentación agraria:

1º Centro de Formación e Experimentación Agraria “Pedro Murias”

2º Centro de Formación e Experimentación Agraria de Guísamo

3º Centro de Formación e Experimentación Agraria de Lourizán

4º Centro de Formación e Experimentación Agraria de Monforte de Lemos

5º Centro de Formación e Experimentación Agraria de Sergude

6º Centro de Formación e Experimentación Agraria de Becerreá

#### *-Artigo 27. Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo*

1. Correspóndelle a este centro o exercicio das funcións de investigación, innovación e transferencia, especialmente en todas as materias agrarias, incluídas a agricultura, a gandería e os aproveitamentos do medio natural, dende os puntos de vista da produción, da conservación e mellora xenética, da sanidade e o benestar, e da industria agroalimentaria, de xeito compatible co medio ambiente e a biodiversidade agraria e no contexto dunha economía baixa en carbono.

2. Correspóndelle tamén a este centro a coordinación e dirección das seguintes unidades:

a) O Banco de Recursos Fitoxenéticos Agrarios da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) A Estación Experimental de Gandeiría de Montaña de Marco da Curra.

c) A Estación Experimental Agrogandeira de ~~e-a~~A Pobra do Brollón.

d) A Estación Experimental Agrícola Baixo Miño.

#### *Artigo 28. Centro de Investigación Forestal de Lourizán*

1. O Centro de Investigación Forestal de Lourizán exerce todas as funcións que lle sexan encomendadas en materia de investigación, innovación e transferencia forestal.
2. As súas principais funcións son as seguintes:
  - a) A mellora da produtividade e multifuncionalidade dos espazos forestais.
  - b) O incremento da calidade dos bens, servizos e produtos forestais.
  - c) A promoción da sustentabilidade dos ecosistemas forestais fronte ás perturbacións, a xestión dos recursos forestais.
  - d) A conservación, mellora e selección dos recursos ~~recursos~~ xenéticos forestais.
3. Correspóndelle a este centro a coordinación e dirección do Banco de Recursos Fitoxenéticos das ~~E~~especies Forestais da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 29. *Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia*

1. Exerce as funcións en materia de investigación, experimentación e transferencia tecnolóxica do sector vitivinícola.
2. As súas principais funcións son as seguintes:
  - a) A investigación, innovación, formación e transferencia dende os puntos de vista da produción, conservación e mellora xenética, e dos relativos á ~~sa~~sanidade e a elaboración de viños e os seus derivados.
  - b) A realización de análises oficiais do sector vitivinícola na Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Correspóndelle a esta estación ~~a~~ a coordinación e dirección do Banco de Recursos Fitoxenéticos (de variedades de vide e recursos microbianos vinícolas) e a Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía (EEVE)

#### Artigo 30. *Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia*

1. Correspóndelle a este laboratorio a realización de análises alimentari~~as~~ e agrari~~as~~, sendo neses aspectos o laboratorio de referencia da Comunidade Autónoma.

2. Concretamente, as súas principais funcións refírense á realización de análises físico-químicas de alimentos, bebidas, fertilizantes, augas de rega, alimentación animal e solos.

3. Tamén lle correspóndelle a función de ser o laboratorio de referencia en sanidade vexetal e nas análises de residuos de pesticidas.

#### Artigo 31. *Departamento de Protección da Calidade Diferencial*

Correspóndelle a este departamento a organización, programación, dirección e execución dos traballos de inspección, control e certificación e todas as cuestións que se lle encomenden pola Dirección ou a Área en relación cos produtos acollidos a denominacións de calidade diferencial, así como a colaboración cos órganos correspondentes da consellería competente en materia de produtos agroalimentarios de calidade, na redacción da normativa técnica reguladora do funcionamento das devanditas denominacións.

#### Artigo 32. *Departamento de Promoción da Calidade Agroalimentaria*

Correspóndelle a este departamento a xestión, elaboración e seguimento dos programas de promoción e fomento dos produtos agroalimentarios galegos con indicacións de calidade.

### *Sección 5ª. Comisión de control e seguimento*

#### Artigo 33. *Composición e réxime de funcionamento da Comisión de Control e Seguimento*

1. A Comisión de Control e Seguimento sobre o desenvolvemento do contrato de xestión estará composta polos seguintes membros:

- a) Unha persoa representante da Axencia.



- b) Unha persoa representante da consellería de adscrición do ente.
- c) Unha persoa representante da consellería que ten as competencias en materia de orzamentos.
- d) Unha persoa representante da consellería que ten as competencias en materia de avaliación e reforma administrativa.

2. En ningún caso os membros da Comisión de Control e Seguimento serán coincidentes cos membros do Consello Reitor da Axencia, a excepción dos membros que non teñan voto no dito consello.

3. A presidencia da Comisión de Control e Seguimento ostentaraa a persoa representante da consellería que ten competencias en materia de orzamentos.

4. A secretaría da comisión será exercida por unha persoa da Axencia designada ae pola súa Presidencia, a cal actuará neste caso con voz pero sen voto, e dará comunicación de todas as propostas e acordos, tanto ao Consello Reitor coma ao órganos titulares das consellerías da Administración AAutónomica que forman parte da CComisión.

Con formato: Sin Resaltar

5. Os membros da comisión serán designados pola persoa titular da entidade ou por cada unha das consellerías con presenza na comisión, de entre o seu persoal técnico con rango de subdirector/a xeral ou xefe/a de servizo ou equivalente.

6. Sempre que se xustifique debidamente, poderá esixirse determinados coñecementos como requisito para formar parte da Comisión de Control e Seguimento.

7. Os membros da comisión poderán asistir cun asesor/a sempre que os asuntos que cómprea tratar o xustifiquen.

#### Artigo 34. *Atribucións da Comisión de Control e Seguimento*

1. Correspóndelle á Comisión de Control e Seguimento o exercicio das seguintes funcións:

- a) Informar ao Consello Reitor coa periodicidade que o mesmo decida, e cando menos unha vez ao semestre, sobre o desenvolvemento e execución do contrato de xestión.

b) Analizar os resultados da xestión económico-financeira a través da información que, de forma periódica, deberán proporcionarlle os órganos xestores.

c) Informar ao Consello Reitor sobre a execución do orzamento e sobre as modificacións orzamentaria que, ~~se é o no seu~~ caso, sexan aprobadas pola Dirección.

d) ~~Solicitar~~~~Recabar~~ información sobre os sistemas de control e procedementos internos establecidos para asegurar o debido cumprimento das disposicións legais e demais normas aplicables, así como coñecer ~~dos~~ informes de auditoría de contas e informes adicionais sobre funcionamento do control interno e propoñer ao Consello Reitor as estratexias encamiñadas a corrixir as deficiencias observadas.

e) Informar, ~~z~~ excepto nos gastos de persoal e capital, ~~z~~ sobre as variacións ~~s~~ dos orzamentos por riba do inicialmente orzado, mesmo na contía global cando sexan financiadas cos recursos propios da ~~A~~axencia e se destinen directamente a fins da ~~A~~axencia con dotación orzamentaria.

f) Informar o Consello Reitor sobre os asuntos que este lle solicite.

2. O funcionamento da Comisión de ~~C~~ontrol e ~~S~~eguimento axustarase ao disposto no seu regulamento de réxime interno, ~~na~~ na normativa reguladora do procedemento administrativo común e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de ~~o~~rganización e ~~f~~uncionamento da Administración ~~x~~eral e do ~~s~~ector ~~p~~úblico ~~a~~Autonómico de Galicia.

3. A condición de membro da Comisión de ~~C~~ontrol e ~~S~~eguimento da ~~a~~axencia, ou a participación ~~na~~ dita comisión, non xerará ningún dereito de retribución.

### CAPÍTULO III

#### O contrato plurianual de xestión e o plan de acción anual

Artigo 35. *O contrato plurianual de xestión. Natureza e finalidade*

1. A **A**axencia contará cun contrato plurianual de xestión, como instrumento para regular a actividade da **A**axencia e as relacións recíprocas entre esta e a Administración **x**eral da Comunidade Autónoma, no marco da lexislación xeral e específica vixente durante o seu período de aplicación.
2. A proposta do primeiro contrato plurianual de xestión aprobarase polo Consello Reitor da **A**axencia no prazo de tres meses dende a constitución. As propostas dos posteriores contratos plurianuais de xestión serán aprobadas e tramitadas polo Consello **R**feitor da **A**axencia no último trimestre do período plurianual de aplicación do último contrato plurianual de xestión vixente.
3. Cada contrato plurianual de xestión aprobarase para períodos de vixencia de catro anos coincidentes cos exercicios orzamentarios.
4. A aprobación final do contrato plurianual de xestión terá lugar por acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería de adscrición e das competentes nas materias de **a**Administracións **p**úblicas e de facenda, nun prazo máximo de tres meses contados desde a data de aprobación polo Consello **R**feitor da **A**axencia da correspondente proposta de contrato plurianual de xestión. No caso de non ser aprobado neste prazo, manterá a súa vixencia o contrato plurianual vixente.

Artigo 36. *Contido do contrato plurianual de xestión*

1. O contrato plurianual de xestión ten que conter, como mínimo, os seguintes aspectos:
  - a) O seu período de vixencia.
  - b) Os obxectivos que se persigan, tanto estratéxicos como específicos, e os plans necesarios para acadalos, con especificación dos marcos temporais correspondentes, dos proxectos asociados a cada unha das estratexias e dos seus prazos temporais.

- c) Os resultados que se pretenden obter, así como os indicadores para avalialos e o seu escenario plurianual.
- d) O marco de actuación en materia de xestión de recursos humanos da ~~A~~axencia, que comprenderá a determinación das necesidades de persoal durante a vixencia do contrato, incluíndo a previsión máxima do cadro de persoal; a natureza e características dos postos de traballo da ~~A~~axencia e o seu réxime de retribucións.
- e) A determinación dos recursos persoais, materiais e orzamentarios que a Administración autonómica debe soportar para a consecución dos obxectivos da ~~A~~axencia, establecendo o seu escenario plurianual.
- f) Os efectos asociados ao grao de cumprimento dos obxectivos establecidos no que atinxe á esixencia de responsabilidade pola xestión dos órganos executivos e do persoal directivo.
- g) ~~Se éDe-ser~~ o caso, a contía da masa salarial destinada ao complemento de produtividade ou concepto equivalente do persoal laboral, segundo o establecido na Lei da ~~f~~Función ~~p~~ública, nas leis anuais de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma así como na demais normativa aplicable ~~áa~~ dita materia. A contía dos complementos de produtividade se determinará en base ó procedemento e termos aprobados no contrato plurianual de xestión, estará vinculada estritamente ao grao de cumprimento dos obxectivos fixados, e para a súa aprobación e aplicación será necesario contar co informe previo favorable dos cent~~r~~os directivos da Administración ~~a~~Autonómica competentes en materia de función pública e de orzamentos.
- h) O procedemento que se seguirá para a cobertura dos déficits econó~~m~~íco-orzament~~a~~rios anuais que, ~~se éde-ser~~ o caso, se puideran producir por insuficiencia dos ingresos reais da ~~A~~axencia respecto dos estimados e as consecuencias de responsabilidade na xestión que, ~~se éde-ser~~ o caso, se deban esixir por ~~t~~ales déficits.

i) O procedemento para a introdución das modificacións ou adaptacións anuais que, ~~se é de ser~~ o caso, procedan efectuarse no contrato plurianual de xestión que estea vixente na Aaxencia.

2. O contrato plurianual de xestión definirá os criterios que permitan esixir aos órganos executivos e do persoal directivo da Aaxencia as correspondentes responsabilidades de xestión no caso de incumprimento dos obxectivos, e determinará os mecanismos a través dos cales se esixirá dita responsabilidade.

3. No primeiro trimestre de cada ano, a persoa titular da Dirección da Axencia informará á consellería de adscrición, e ás competentes en materia de administracións públicas e de facenda, ~~sobre a exec~~ a execución e do cumprimento dos obxectivos fixados no contrato de xestión durante o anterior exercicio anual.

#### Artigo 37. *O plan de acción anual, o informe de actividade e as contas anuais*

1. O Consello Reitor da Axencia, por proposta da súa Dirección, aprobará:

a) O plan de acción anual no marco do contrato de xestión e sobre a base dos recursos dispoñibles.

O plan de acción anual comprenderá a definición dos obxectivos que se teñen que acadar no exercicio anual ao que se refire, a previsión dos resultados que cómprea obter e os instrumentos de seguimento, control e avaliación aosés que se ten que someter a actividade da Axencia.

b) O informe xeral da actividade correspondente ao ano inmediatamente anterior.

c) As contas anuais acompañadas do informe de auditoría de contas.

2. Os documentos aos que se refire o punto anterior serán públicos, e a cidadanía terá dereito de acceso ao seu contido desde a súa aprobación.

## CAPÍTULO IV

### Régime de persoal

#### Artigo 38. *Persoal*

1. Sen prexuízo do persoal directivo ao que se refire o artigo 43 destes estatutos, o persoal ao servizo da Axencia Galega da Calidade Alimentaria estará constituído por persoal funcionario e persoal laboral da Xunta de Galicia, de acordo co previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e no Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción.
2. O persoal empregado público que ocupe postos de traballo da Administración ~~x~~eral da Comunidade Autónoma e se incorpore ~~n~~ á Axencia, ben pola súa adscrición legal ou ben polos procedementos regulamentarios de provisión de postos de traballo, manterá ~~n~~ a súa condición de persoal funcionario ou laboral de orixe, de acordo coa lexislación aplicable.
3. O persoal funcionario da Axencia réxese polo disposto nos presentes estatutos e na normativa reguladora da función pública da Administración autonómica e polas súas normas de desenvolvemento.
4. O persoal laboral da Administración ~~x~~eral da Comunidade Autónoma adscrito á Axencia rexerese polo Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, polo ~~t~~exto ~~r~~efundido da Lei do Estatuto dos ~~t~~raballadores e pola demais normativa que resulte de aplicación ao persoal laboral ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
5. O persoal da Axencia queda sometido ao réxime de incompatibilidades vixente para o persoal da Administración autonómica de Galicia, segundo resulte da súa respectiva modalidade de relación laboral.

6. No marco da política de recursos humanos, e de acordo cos sistemas de representación e participación do persoal, establecerase un sistema de avaliación que sirva de instrumento obxectivo para a valoración do desempeño dos postos de traballo e a asignación da produtividade, sen que en ningún caso se poida superar a contía da masa que dispoña o contrato plurianual de xestión. O sistema de avaliación valorará rendementos colectivos das unidades e realizará unha valoración individual de cada posto de traballo.

7. A mobilidade do persoal funcionario e/ou laboral da Xunta de Galicia destinado na Axencia someterase ao réxime xeral previsto na normativa de función pública.

Artigo 39. *Ordenación dose postos de traballo*

1. Como instrumento de ordenación do seu persoal, a Axencia contará cunha relación de postos de traballo.

2. A relación de postos de traballo da Axencia conterá necesariamente os seguintes datos de cada posto: o órgano ou dependencia a que se adscribe, denominación, tipo e sistema de provisión, nivel e retribucións complementarias do persoal funcionario e categoría profesional e réxime xurídico aplicable aos postos que vaia desempeñar o persoal laboral e os requisitos para o seu desempeño.

3. A proposta de aprobación e modificación da relación de postos de traballo da Axencia será acordada polo Consello Reitor da Axencia, por proposta da Dirección, logo do informe favorable dos centros directivos da Administración autonómica competentes en materia de orzamentos e de función pública.

4. En todo caso, a aprobación e modificación da relación de postos de traballo con persoal funcionario e/ou laboral da Xunta de Galicia corresponderá ao Consello da Xunta e estará sometida na súa tramitación á normativa xeral establecida na Comunidade Autónoma de Galicia sobre modificacións ou aprobacións destes instrumentos de ordenación de persoal.

Artigo 40. *Procedementos de selección do persoal*

1. Os procesos de selección do persoal funcionario e/ou laboral da Xunta de Galicia destinado na Axencia serán realizados polo centro directivo da Administración autonómica competente en materia de función pública e seranlle de aplicación as disposicións da lexislación galega sobre emprego público nos termos que establece o artigo 58 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
2. Nos procesos de selección de persoal investigador e de apoio á investigación aterase na convocatoria aos criterios de selección específicos necesarios para este tipo de persoal cualificado, de acordo co que establece a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da **C**iencia, a **T**ecnoloxía e a **I**nnovación, e de acordo coa normativa e principios reitores que en materia de persoal investigador defina a Xunta de Galicia.
3. A provisión de postos de traballo do persoal funcionario e/ou laboral da Xunta de Galicia destinado na Axencia correspóndelle á consellería competente en materia de función pública, de conformidade cos principios xerais e procedementos de provisión establecidos na normativa de función pública.

Artigo 41. *Persoal laboral temporal*

1. A Axencia poderá celebrar contratos laborais de duración determinada, que en ningún caso darán lugar a contratos indefinidos, **logo do previo** informe favorable dos centros directivos da Administración autonómica competentes en materia de función pública e orzamentos.
2. A selección deste persoal realizarase, con carácter xeral, entre as persoas inscritas nas listas da Administración autonómica ou, **se é de ser** o caso, a través dos servizos públicos de emprego.
3. A Axencia poderá tamén contar cun sistema de listas de contratación de persoal temporal por categorías, obtendo previamente a correspondente a autorización do



centro directivo da Administración autonómica competente en materia de función pública, logo da oportuna negociación coa representación sindical.

4. En todo caso, o procedemento establecido nos parágrafos precedentes deberá adaptarse ás normas aplicables ás axencias públicas autonómicas, consonte o establecido no artigo 59.3 da ~~da~~ Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e a Lei 2/2015, do 29 de abril.

5. No caso de que se requiran coñecementos técnicos especializados e non existan listas de contratación de persoal laboral ou funcionario coa preparación específica para o seu desempeño poderá recorrerse á realización dun procedemento específico de selección do persoal investigador temporal logo do previo informe favorable das bases do centro directivo da Administración autonómica competente en materia de función pública.

#### Artigo 42. *Condicións de traballo e réxime retributivo*

1. A aprobación dos instrumentos polos que se regulen as condicións de traballo do persoal destinado na Aaxencia e o seu réxime retributivo, require informe previo e favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública e deberán ser negociadas previamente coas organizacións sindicais representativas no ámbito do emprego público.

2. Os conceptos retributivos do persoal funcionario da Aaxencia son os establecidos na normativa reguladora da función pública de Galicia e dos orzamentos da Comunidade Autónoma. As súas contías determinaranse no marco do contrato plurianual de xestión da Aaxencia.

3. As condicións retributivas do persoal laboral da Xunta de Galicia que pase a prestar servizos na Aaxencia, rexerase polo establecido no convenio colectivo aplicable e no respectivo contrato de traballo, e as súas contías determinaranse no marco do contrato plurianual de xestión da Aaxencia.

4. O persoal funcionario e/ou laboral ao servizo da ~~A~~axencia poderá percibir unha parte da súa retribución como incentivo de rendemento, mediante o correspondente complemento de produtividade, o cal se pode definir tendo en conta o disposto no artigo 78.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e na normativa de función pública de Galicia que regule este tipo de complementos retributivos.

5. A contía da masa salarial destinada ao complemento de produtividade ou concepto equivalente, estará en todo caso vinculada ao grao de cumprimento dos obxectivos fixados no contrato de xestión.

#### Artigo 43. *Persoal directivo*

1. Será persoal directivo da Axencia o que ocupe postos definidos como tales na relación de postos de traballo ou no cadro de persoal autorizados, en atención á especial responsabilidade, competencia técnica e relevancia das tarefas asignadas.

2. O persoal directivo da Axencia é nomeado e cesado polo Consello Reitor, previa proposta motivada da Dirección da Axencia. A súa designación atenderá a principios de mérito e capacidade e a criterios de idoneidade e competencia profesional e levarase a cabo mediante procedementos que garantan a publicidade e a concorrencia.

3. Cando o persoal directivo da Axencia teña a condición de funcionario, permanecerá na situación administrativa que lle corresponda segundo a normativa reguladora da función pública de Galicia.

4. Cando os postos de persoal directivo se ocupen con traballadores ou traballadoras que non teñan condición de funcionarios de carreira da Administración autonómica de Galicia, o traballador ou traballadora estará sometido á relación laboral de carácter especial de alta dirección. Neste caso, a fixación das súas retribucións deberá contar cun informe previo favorable dos centros directivos da Administración ~~x~~eral da Comunidade Autónoma competentes en materia de orzamentos e de función pública.

5. O persoal directivo está suxeito, no desenvolvemento dos seus labores, a avaliación de acordo cos criterios de eficacia, eficiencia e cumprimento da legalidade, responsabilidade pola súa xestión e control de resultados en relación cos obxectivos que lle foron fixados.

6. O persoal directivo poderá percibir unha parte da súa retribución como incentivo de rendemento, mediante o complemento correspondente que valore a produtividade, de acordo cos criterios e porcentaxes que estableza o Consello Reitor e de conformidade coa normativa reguladora da función pública de Galicia

#### Artigo 44. *Incompatibilidades*

O persoal da Axencia Galega da Calidade Alimentaria estará suxeito á normativa e ao réxime de incompatibilidades establecidos con carácter xeral para o persoal ao servizo das administracións públicas.

### CAPÍTULO V

#### ***Réxime patrimonial e de contratación***

#### Artigo 45. *Patrimonio*

1. A Axencia Galega da Calidade Alimentaria terá, para o cumprimento dos seus fins, un patrimonio propio, distinto do da Administración ~~x~~Xeral da Comunidade Autónoma, integrado polo conxunto de bens e dereitos dos que sexa titular.

2. Así mesmo, poderán quedar adscritos á Axencia, para o cumprimento dos seus fins, os bens do ~~p~~Patrimonio da Administración ~~x~~Xeral da Comunidade Autónoma de calquera titularidade que así se acorde, de conformidade co disposto na normativa reguladora do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 46. *Bens e dereitos propios*

1. A Axencia poderá adquirir toda clase de bens e dereitos por calquera dos modos admitidos no ordenamento xurídico.
2. A afectación dos bens adquiridos, así como a adquisición e alleamento de bens inmobles ou de dereitos sobre eles, realizarase de acordo co disposto na lexislación de patrimonio da Comunidade Autónoma.

#### Artigo 47. *Bens adscritos*

A adscrición e desadscrición de bens por parte da Administración da Comunidade Autónoma rexerase pola lexislación de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, conservando aqueles a súa cualificación e titularidade xurídica orixinaria e correspondéndolle á Axencia o exercicio das competencias que determina a lexislación de patrimonio da Comunidade Autónoma para os bens adscritos.

#### Artigo 48. *Contratación*

A contratación da Axencia réxese pola normativa básica vixente en materia de contratos do sector público e polas normas de desenvolvemento aprobadas pola Comunidade Autónoma de Galicia.

## CAPÍTULO VI

### Regras e actos da Axencia

#### Artigo 49. *Regras e actos da Axencia*

A Axencia ditará as normas internas necesarias para o cumprimento do seu obxecto e para o seu funcionamento, que poderán adoptar a forma de:

- a) Resolucións, Instrucións e Circulares da Presidencia e da Dirección da Axencia.
- b) Acordos do Consello Reitor da Axencia.

2. Os actos e resolucións ditados polos órganos de goberno da Axencia poñen fin á vía administrativa, sendo susceptibles de impugnación na vía contencioso-administrativa, sen prexuízo do recurso potestativo de reposición.

Os actos administrativos da Dirección da Axencia poderán ser recorridos en alzada perante a Presidencia, agás que foran ditados por delegación desta.

3. A competencia para resolver os procedementos de revisión de oficio dos actos administrativos nulos, declarar a lesividade dos anulables e revogar os de gravame ou desfavorables correspóndelle á persoa titular da consellería de adscrición.

4. Atribúeselle á persoa titular da consellería de adscrición a resolución das reclamacións previas en asuntos civís e laborais e das reclamacións de responsabilidade patrimonial.

#### Artigo 50. *Asistencia xurídica*

O asesoramento xurídico e a asistencia e defensa letrada da Axencia corresponderá a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, e rexerase polo disposto no Decreto 343/2003, de 11 de xullo, que aproba o regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

## CAPÍTULO VII

### **Réxime económico-financeiro e orzamentario**

#### Artigo 51. *Recursos económicos*

1. Os recursos económicos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria son:

a) As transferencias consignadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Os ingresos propios que perciban como contraprestación polas actividades que poida realizar en virtude de contratos, convenios, patentes e dereitos de uso, vendas

de subprodutos da investigación ou disposicións legais para outras entidades públicas ou privadas ou persoas físicas.

c) O produto do alleamento dos bens e valores que constitúan o seu patrimonio, incluíndo a venda de produtos e subprodutos ~~doas predios fincas~~ que xestione e que sexan obtidos como resultado das actividades de xestión, investigación e innovación de acordo co establecido na lexislación de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Os rendementos procedentes dos seus bens, dereitos e valores.

e) Os ingresos procedentes de subvencións polas actividades agrarias e forestais realizadas ~~nos prediosas fincas~~ que xestione.

f) As achegas voluntarias, doazóns, herdanzas e legados e demais achegas a título gratuíto de entidades privadas e particulares.

g) Os ingresos procedentes de persoas físicas e xurídicas como consecuencia do patrocinio de actividades ou instalacións.

h) Os demais ingresos de dereito público ou privado que estea autorizada a percibir.

i) Calquera outro recurso que lle poida ser atribuído conforme ~~ao~~ ordenamento xurídico vixente.

2. Os recursos que se deriven dos apartados b), e), ~~f)~~ e f) do número anterior e non contemplados inicialmente no orzamento da Axencia poderán destinarse a financiar maiores gastos por acordo da súa Dirección.

3. Poderá realizarse pola Axencia a contratación de pólizas de crédito ou préstamo, cando isto sexa necesario para atender desfases temporais de tesourería, entendendo como tales as situacións de falta de liquidez que poidan producirse de forma ocasional.

4. A Lei de ~~o~~Orzamentos ~~x~~Xerais da Comunidade Autónoma de cada exercicio autorizará o límite máximo do endebedamento a curto prazo.

## Artigo 52. Orzamento

1. A Axencia elaborará o seu anteproxecto anual de orzamentos, conforme ao disposto no seu contrato plurianual de xestión e coa estrutura e documentación establecida pola ~~c~~Consellería competente en materia de facenda. Unha vez aprobado polo Consello Reitor da ~~A~~axencia, o anteproxecto será remitido á consellería de adscrición, que, logo do seu exame, ~~-~~xunto co orzamento da propia ~~c~~Consellería, chegarao á consellería da Administración autonómica competente en materia de facenda, para a súa integración no correspondente anteproxecto de Lei anual de ~~o~~Orzamentos ~~x~~erais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O orzamento deberá estar equilibrado e terá carácter limitativo polo seu importe global e carácter estimativo para a distribución dos créditos en categorías económicas, agás os correspondentes a gastos de persoal e capital que, en todo caso, teñen carácter limitativo e vinculante pola súa contía total.

2. Correspóndelle á persoa titular da consellería competente en materia de facenda, por proposta da Dirección da Axencia, a autorización das variacións da contía global do orzamento, así como as que afecten ~~osa~~ gastos de persoal e de capital. A autorización das restantes variacións que superen o inicialmente orzado, mesmo na contía global, cando sexan financiadas con recursos derivados das fontes recollidas nas letras b), e), f) e g) do número 1 do artigo 51, por riba dos inicialmente orzados e sempre que existan garantías suficientes da súa efectividade e do correspondente equilibrio orzamentario, correspóndelle ao Consello Reitor, que deberá dar conta posteriormente á consellería competente en materia de facenda.

3. Non se poderán adquirir compromisos plurianuais de gastos que se estendan máis ~~aló~~ de catro exercicios anuais, e o gasto que se lle impute a cada un deles non poderá exceder a cantidade que resulte de aplicarlle ao importe total de cada programa, excluídos o capítulo de persoal e os restantes créditos que teñan carácter vinculante,

as seguintes porcentaxes: o 70% no exercicio inmediato seguinte, o 60% no segundo, e o 50% nos exercicios terceiro e cuarto.

Porén, o Consello da Xunta, por proposta da ~~C~~Consellería competente en materia de facenda, poderá modificar as porcentaxes e os importes anteriores, así como modificar o número de anualidades en casos especialmente xustificadas, pola petición da ~~C~~Consellería de adscrición.

4. A dirección da Axencia poderá acordar a incorporación do remanente de tesourería non afectado ao orzamento do exercicio seguinte, logo do informe preceptivo e vinculante da dirección xeral competente en materia de orzamentos. Do devandito acordo daráselle conta á ~~C~~Comisión de ~~C~~ontrol.

5. Os déficits derivados do incumprimento das estimacións de ingresos anuais compensaranse na forma prevista no contrato de xestión.

#### Artigo 53. *Contabilidade*

1. O réxime de contabilidade será o establecido na lexislación de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

A Axencia deberá aplicar os principios contables contidos na normativa de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, para o que contará cun sistema de información económico-financieiro e orzamentario que teña por obxecto mostrar, a través de estados e informes, a imaxe do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e da execución do orzamento e proporcione información dos custos sobre a súa actividade que sexa suficiente para unha correcta e eficiente adopción de decisións.

2. Así mesmo, a Axencia contará cun sistema de contabilidade de xestión que permita seguir o cumprimento dos compromisos asumidos no contrato de xestión.

#### Artigo 54. *Control da xestión económico-financieira*

1. O control externo da xestión económico-financieira da Axencia correspóndelle ao Consello de Contas de Galicia, de acordo coa súa normativa específica.



2. O control interno da actividade económico–financeira da Axencia correspóndelle á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e realizarase de acordo ~~co~~ disposto na lexislación de ~~r~~Réxime ~~f~~Financeiro e ~~o~~Orzamentario de Galicia.

3. Sen prexuízo do control establecido no número anterior, a Axencia estará sometida a un control de eficacia que será exercido, a través do seguimento do contrato de xestión, pola ~~c~~Consellería de adscrición. O devandito control ten por finalidade comprobar o grao de cumprimento dos obxectivos e a adecuada utilización dos recursos asignados.

## CAPÍTULO VIII

### Réxime de modificación dos estatutos

Artigo 55. *Modificación dos estatutos da Axencia Galega da -Calidade Alimentaria*

1. A modificación dos estatutos Axencia Galega da Calidade Alimentaria levarase a cabo por decreto do Consello da Xunta, por proposta da consell~~e~~aría de adscrición, logo do informe favorable das consell~~e~~arías competentes en materia de administracións públicas e de facenda.

2. Cando a modificación proposta afecte os contidos incluídos dentro do ámbito de materias enunciadas no artigo 37 do Estatuto básico do empregado público, serán negociados coas organizacións sindicais representativas no ámbito da función pública.

## CAPÍTULO IX

### Extinción da ~~A~~axencia

*Artigo 56. Extinción da Axencia Galega da Calidade Alimentaria*

A extinción da Axencia Galega da Calidade Alimentaria levarase a cabo nos termos previstos na lei que autoriza a súa creación ou, ante a falta de previsión expresa desta, por decreto do Consello da Xunta, por proposta da consellaría de adscrición, logo do informe favorable das consellearías competentes en materia de administracións públicas e de facenda. As disposicións anteriores determinarán o destino dos bens, dos dereitos e das obrigas dos organismos así como as medidas aplicables ao persoal empregado do organismo que se suprime no marco da lexislación reguladora de cada tipo de persoal